

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf./Fax: 982 330 102/ 982104090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)

CERTIFICO:

Que o Pleno deste concello na sesión extraordinaria celebrada o día 16 de novembro de 2020, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

1.- APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) DO CONCELLO DE MEIRA

Polo Pleno deste concello en sesión celebrada o día 4 de xuño de 2020, prestouse aprobación á adhesión a iniciativa Europea ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía.

Ao amparo da orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, concedeuse mediante resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con data 28 de agosto de 2020, unha axuda para a asistencia técnica na elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES), por importe de 3.000 €.

Visto que a empresa Comparte Marketing Social, S.L., con CIF B85122380, foi a encargada de levar a cabo a elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable do Concello de Meira.

De acordo co artigo 3.2 da orde do 5 de maio de 2020, unha vez redactado o PACES, este terá que estar aprobado polo Pleno da Corporación Municipal e correctamente rexistrado, telematicamente, no sitio web da Oficina do Pacto da Unión Europea, segundo os procedementos establecidos pola propia oficina.

De conformidade co artigo 4.1 da citada Orde, terán a consideración de gastos subvencionables os custos realizados relacionados directamente coa contratación dos servizos de elaboración dos PACES co contido exixido no artigo 3 da mesma Orde.

De orde da presidencia, toma a palabra o voceiro do Grupo Político do PSdeG-PSOE, don Agustín Méndez Moirón, que fai un resumo das actuacións que se pretenden realizar e que están recollidas no Plan de acción.

Neste momento da sesión incorpórase o concelleiro, don Rubén Vidal Vidal.

O Sr. Alcalde pregunta, si algún dos membros que compoñen a Corporación teñen algunha alegación ou consideración que facer en relación con este asunto, non habendo intervencións, sométese á votación a aprobación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable deste concello.

O Pleno por sete votos a favor correspondentes aos cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, o voto do concelleiro do BNG e o voto do concelleiro do Grupo Mixto (GS), coa abstención do concelleiro do Grupo Mixto (PP), e en votación ordinaria,



ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación ao Plan de acción para o Clima e a Enerxía Sustentable do Concello de Meira, que ten por obxecto a redución das emisións de CO2 e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Segundo.- Publicar un anuncio de aprobación na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios do Concello de Meira, así como no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo.

Terceiro.- Dar conta ao órgano competente en materia de xestión do Pacto de Alcaldes para o Clima e a Enerxía, para que se proceda á publicación do citado documento na plataforma Mycovenant.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde-presidente deste concello, don Antonio de Dios Álvarez, ou persoa que legalmente o substitúa para levar a cabo todos os trámites relacionados con este asunto.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde en Meira a 23 de novembro de 2020.

Visto e prace
O alcalde
Antonio de Dios Álvarez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

